Á XUNTA DE GALICIA
Consellería de Política Social e Igualdade - Ángeles Vázquez
Dirección xeral - Jacobo José Rey

As persoas traballadoras asinantes, pertencentes ás entidades que se relacionan na folla de sinaturas anexa, con correos para efectos de notificacións ensinoprivado@cig-ensino.gal, secretariaxeral@cutgaliza.org e actuando a través dos sindicatos CIG e CUT,

EXPOÑEN:

Primeiro. Que o Acordo retributivo específico do «Complemento Equiparador Autonómico Galego» e as táboas salariais 2026-2029, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, do V Convenio colectivo estatal de reforma xuvenil e protección de menores, foi subscrito o 26 de marzo de 2026 pola asociación empresarial GAFIX e polas organizacións sindicais CIG, CUT, CCOO e UGT, ao abeiro da disposición transitoria segunda do devandito convenio.

Segundo. Que o devandito acordo foi rexistrado e publicado mediante Resolución do 11 de maio de 2026 da Dirección Xeral de Traballo (BOE núm. 124, do 21 de maio de 2026, referencia BOE-A-2026-10967), e xera efectos desde o 22 de maio de 2026 ata o 30 de setembro de 2029.

Terceiro. Que o acordo crea o Complemento Equiparador Autonómico Galego para compensar as persoas traballadoras ás que non lles resultarían de aplicación os complementos dos artigos 65, 66 e 72 do V Convenio. Trátase dun complemento de contía determinada por categoría profesional segundo as táboas anexas, de devengo mensual e aboamento en catorce pagas, compensable e absorbible, que quedará absorbido polos devanditos complementos cando o convenio resulte de aplicación xeral.

Cuarto. Que o acordo dispón que o complemento se aplicará aos recursos, programas e servizos de contratación pública en Galicia (subvención, contrato, concerto, convenio ou outras fórmulas) con contratos vixentes e licitados antes do 16 de decembro de 2024, e nas prórrogas nas que a Administración contratante amplíe o financiamento durante o período 2026-2029, e que, se non se amplía o financiamento, o complemento non resulta de aplicación.

Quinto. Que, en consecuencia, o cobro efectivo do complemento depende da decisión da Administración de ampliar o financiamento. A data deste escrito, [as persoas asinantes non percibiron o complemento / non consta a ampliación do financiamento nos seus contratos e concertos], malia que o dereito está recoñecido e publicado desde hai máis de catro meses.

SOLICITAN:

1. Que a Xunta de Galicia amplíe o financiamento dos contratos, concertos e demais instrumentos dos recursos, programas e servizos incluídos no ámbito do acordo, para incorporar o Complemento Equiparador Autonómico Galego con efectos desde o 22 de maio de 2026.

2. Que se garanta o aboamento das contías devengadas desde o 22 de maio de 2026, incluídas as atrasadas, de modo que as entidades poidan facelas efectivas ás persoas traballadoras.

3. Que se adopten sen demora as medidas orzamentarias e administrativas necesarias (modificación de módulos, addendas aos concertos ou outras que procedan).

4. Que se informe os sindicatos que canalizan este escrito do procedemento e do calendario previstos para o aboamento e se convoque, se é o caso, unha reunión para concretalos.

FOLLA DE SINATURAS

Escrito dirixido á Xunta de Galicia (Consellería de Política Social e Igualdade) para solicitar o financiamento do Complemento Equiparador Autonómico Galego. Presentado a través de sindicatos CIG e CUT.

CIG
Confederación Intersindical Galega
ENSINO

Nº	Nome e apelidos	DNI	Entidade / centro	Sinatura
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
10				
11				
12				
13				
14				
15				

Protección de datos: os datos recollidos nesta folla utilizaranse unicamente para a presentación e seguimento deste escrito por parte de CIG e CUT, conforme ao RGPD. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación e supresión dirixíndote a estas OO.SS.